



**BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL:
8 POSTOS SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO**

1ª.- Condicións do posto ofertado.

As características dos postos ofertados son as que se relacionan a continuación:

1.01.	-	Nº DE POSTOS/SISTEMA SELECCIÓN:	8, MEDIANTE CONCURSO
1.02.	-	TIPO DE CONTRATO:	OBRA OU SERVIZO
1.03.	-	DURACIÓN ESTIMADA DO SERVIZO:	12 MESES
1.04.	-	DATA ESTIMADA COMEZO:	01/01/2018
1.05.	-	FIN CONTRATO:	31/12/2018
1.06.	-	XORNADA:	COMPLETA
1.07.	-	HORARIO:	40 h/semanais, de luns a domingo
1.08.	-	CATEGORÍA/GRUPO COTIZACIÓN:	PEON (10)
1.09.	-	OCUPACIÓN:	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
1.10.	-	CNAE:	8411
1.11.	-	SOLDO BRUTO MENSUAL:	874,92 €
1.12.	-	PARTE PROPORCIONAL EXTRAS:	149,16 €
1.13.	-	COMPLEMENTO DISPOÑIBILIDADE:	20,06 €
1.14.	-	SITUACION I.L.T:	APLICARANSE OS TOPES MÍNIMOS
1.15.	-	CENTRO DE TRABALLO:	CONCELLO DE COLES
1.16.	-	FUNCIÓNS:	REGULAMENTO SAD DE COLES.

2ª.- Requisitos dos aspirantes.

Os/as aspirantes deben reunir as seguintes condicións:

2ª.1- Nacionalidade: Española ou dos países comunitarios.

2ª.2- Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.



2ª.3- Titulación: Calquera das seguintes opcións que se detallan a continuación:

- Estar en posesión do título de Técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes que establece o Real Decreto 777/1998, do 30 de abril, ou o Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- Estar en posesión do Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto.
- Estar en posesión do Certificado de Profesionalidade de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

No suposto de estar en posesión dunha titulación equivalente, xuntarse un certificado expedido polas autoridades académicas competentes ou documentación acreditativa de dita equivalencia.

2ª.4.- Carnet de conducir: Tipo B1 e disposición de vehículo para desprazamentos.

2ª.5- Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño do posto. Atoparse en plena situación activa a efectos laborais.

2ª.6- Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

3ª.- Baremo.

Establécese a seguinte puntuación, en función da experiencia profesional, formación, situación de desemprego e entrevista curricular. Computaranse unicamente os méritos dispoñibles ata o último día do prazo de presentación das solicitudes.

3ª.1.- Experiencia profesional: Puntuación máxima **4,00 puntos:**

- Por cada mes completo de traballos realizados na **mesma categoría profesional:** en Concellos: 0,15 puntos. (Non se computan as fraccións).



CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO

- Por cada mes completo de traballos realizados na **mesma categoría profesional** noutras administracións públicas ou empresas privadas: 0,10 puntos. (Non se computan as fraccións).

3ª.2.- Situación de desemprego. Puntuación máxima **2,00 puntos**.

Por cada mes en situación de desemprego: 0,20 puntos, sendo computable soamente esta situación dende o 01/01/2017 ata a data de publicación destas bases. (Non se computan as fraccións).

3ª.3.- Entrevista curricular: Ata **2 puntos**. Na entrevista valoraranse aspectos relativos ao desempeño do posto de traballo e de coñecemento do municipio.

4ª.- Documentación que deberá presentarse.

Os/as aspirantes presentarán, dentro do prazo establecido ao efecto, a seguinte documentación:

4ª.1.- Documentación referida aos requisitos dos aspirantes:

4ª.1.1.- Instancia segundo o modelo unido ás presentes bases.

4ª.1.2.- Fotocopia compulsada do DNI ou de calquera outro documento que acredite a súa identidade.

4ª.1.3.- Fotocopia compulsada do carné de conducir esixido.

4ª.1.4.- Copia compulsada da titulación requirida.

4ª.2.- Documentación a efectos de baremación:

4ª.2.1.- Acreditación de traballos realizados en postos iguais ou semellantes, mediante certificado orixinal do centro de traballo ou copia compulsada dos contratos de traballo.

Non será precisa a documentación esixida neste apartado para acreditar os servizos prestados no concello de Coles.

4ª.2.2.- Xustificación da situación de desemprego: **certificado** emitido pola oficina de emprego na que conste a situación desde o 01/01/2017.

5ª.- Presentación de solicitudes e documentación requerida.

Os/as interesados presentarán as solicitudes según o modelo de instancia que figura no Anexo I e copia cotexada da documentación completa requirida, nas oficinas do concello de Coles, (Vilarchao, 34 – 32152 Coles, teléfono 988205134) de 9,00 a 14,00 horas, de luns a venres, agás festivos.

As instancias tamén se poderán presentar nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O prazo de presentación de instancias será de **sete días hábiles** seguintes ós da publicación da presente Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de Edictos do Concello e na súa páxina web.

6ª.- Admisión de aspirantes e proceso de selección.



CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos.

Na dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, indicárase a causa da exclusión e concedéndose o prazo de dous días para a subsanación de defectos, no seu caso.

Na mesma Resolución o Alcalde determinará e o día e hora da celebración da entrevista curricular aos aspirantes por parte da Comisión de Valoración, e para a valoración dos méritos alegados polos candidatos.

7ª.- Comisión de valoración.

Estará composta polas seguintes persoas:

PRESIDENTE: Ana Rosa Núñez Rodríguez, Traballadora Social.

SUPLENTE PTE: María de los Ángeles Diz Rodríguez, Traballadora Social.

SECRETARIO: Rodrigo Blanco Nóvoa, Secretario.

SUPLENTE DO SECRETARIO: Victorino Rodríguez Rodríguez, Aux.Administrativo.

1º VOGAL: Juan José Murias Romero, Técnico de urbanismo

SUPLENTE 1º VOGAL: Carlos Vázquez González, Conserxe.

2º VOGAL: Milagros Figueiral Iglesias, Aux.Administrativo.

SUPLENTE 2º VOGAL: José Ramón Carid Pérez, Operario de servizos varios.

3º VOGAL: Victoria Rodríguez Dosouto, Técnico de emprego.

SUPLENTE 3º VOGAL: Antonio Boimorto Pérez, Operario de servizos varios.

8ª.- Proposta de seleccionados/as.

A Comisión de valoración formulará proposta ordenada en función da puntuación, de maior a menor, segundo o baremo establecido nestas bases. En caso de empate priorizarase, a efectos de igualdade de oportunidades, á persoa que tivese unha menor relación laboral co Concello de Coles, en termos de cómputo de meses de contratación.

Esta proposta terá vixencia ata o **31/12/2018**.

9ª.- Contratación.

Á vista da proposta formulada pola comisión de valoración, contrataráse a persoa que maior puntuación obteña, quedando os/as demais, non excluídos/as, **en lista de agarda para cubrir posibles baixas ou novas demandas** que poidan xurdir na obra ou servizo, contratándose por orden de puntuación obtida mentres non se abra un novo proceso selectivo.

Ningún contrato efectuado ao amparo das presentes bases terá unha duración maior do **31/12/2018**.

10ª.- Proceso de Chamamento.



CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO

O chamamento das persoas integrantes da lista de agarda, realizarase por estrita orde de clasificación definitiva.

As persoas candidatas relacionadas na Lista manteranse sempre no mesmo posto e coa mesma puntuación ata a próxima actualización de méritos.

O chamamento realizarase vía telefónica. A comunicación efectuarase segundo as seguintes fórmulas:

- 1°. Chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas
- 2°. Chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas sitas solicitudes de participación no proceso o número de teléfono; no caso de consignar máis dun número de teléfono deberá especificar un orden de preferencia.

A aceptación da oferta, efectuarase por vía telefónica, antes das 12 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

En caso de urxente necesidade, as dúas chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día entre as 9:00 e as 14:00 horas, sendo obrigatorio que a aceptación da oferta se realice no mesmo momento no que se produce o chamamento. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante.

No expediente administrativo correspondente deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflicta a data, hora/s das chamadas telefónicas, así como a resposta que se recibiu.

Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra quedarán ilocalizados o que daría lugar a exclusión da bolsa. Obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, procederase a súa contratación laboral deixando constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produzan na correspondente lista. As persoas integrantes da bolsa que fosen contratadas para a cobertura de posibles interinidades, volverán ocupar a posición que lles correspondese nela unha vez finalizada a súa contratación, sendo chamados para posteriores contratacións, por orde de puntuación.

No caso de que algún integrante da bolsa se atopase desenvolvendo un contrato de interinidade para a cobertura dun traballador desta bolsa, poderá ser informado das posibles melloras de contrato que xurdan nese período e elixir a que estimen oportuna.

10.2. Renuncia e suspensión de chamamentos.



CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO

No caso de que o interesado renunciase ao contrato ou chamamento ou non atenderse o chamamento, pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificados nos que se producirá a suspensión dos posteriores chamamentos mantendo o seu posto na lista e que son:

- Estar traballando no momento de ser chamado, debendo achegar copia do contrato de traballo.
- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa debendo achegar documentación acreditativa da situación.
- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Alcaldía.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico.

A non remisión do documento que acredite a xustificación das devanditas causas, suporá a cualificación de rexeitamento inxustificado e pasar ao final da lista.

A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o fin da causa que motivou a suspensión. A tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida á Alcaldía.

10.3. Exclusión.

Serán causas de exclusión dun integrante da lista:

- Renuncia expresa a formar parte da lista.
- Non presentación dentro do prazo fixado a aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar a súa localización.
- Renuncia a continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratado.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente.
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións,

11^a.- Publicidade.

As presentes bases, de carácter público, estarán a disposición dos interesados, dende o mesmo día do seu anuncio no BOP de Ourense, no taboleiro de anuncios do Concello de Coles, así como na súa páxina web (www.concellodecoles.com).

12^a.- Recursos e Incidencias.



CONCELLO DE COLES

Tel. 988 205 134 - Fax 988 205 107
32152 VILARCHAO - COLES

CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO

Tanto as presentes bases coma os actos administrativos derivados das mesmas poden recurrirse nos prazos e formas previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario e Convenio Colectivo do Persoal do Concello, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.